



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

ANO:

2016

TÍTULO:

SERVIZO DE DESRATIZACIÓN E DESINSECTACIÓN EN EDIFICIOS PÚBLICOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO.

ÁMBITO DE APLICACIÓN:

TERMO MUNICIPAL DE SANXENXO

PROMOTOR:

CONCELLO DE SANXENXO

ENXEÑEIRO TÉCN. MUNICIPAL:

JOSÉ M^a TRONCOSO VIÑAS

ORZAMENTO:

5.808,00 €/ano IVE incluído

DATA:

XUÑO 2016



CONCELLO DE
SANXENXO

Consistorio, 4
36960 Sanxenxo
Pontevedra

Tel.: 986 720 075
Fax: 986 721 022

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESRATIZACIÓN E DESINSECTACIÓN EN EDIFICIOS PÚBLICOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO.

ÍNDICE

1. OBXECTO DO CONTRATO
2. RELACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ONDE SE APLICARÁ O SERVIZO DE DESRATIZACIÓN.
3. ZONAS ONDE SE APLICARÁ O SERVIZO DE DESINSECTACIÓN.
4. ACTUACIÓNS A REALIZAR PARA LEVAR A CABO O SERVIZO DE DESRATIZACIÓN E DESINSECTACIÓN.
5. CARACTERÍSTICAS DOS CEBOS E TRATAMENTOS.
6. REQUISITOS MÍNIMOS A CUMPRIR POLO ADXUDICATARIO.
7. RELACIÓN DE ESPECIES COMBATER.
8. VIXENCIA DO CONTRATO.
9. ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

1. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas, a execución do servizo de desratización e desinsectación en edificios públicos e instalacións municipais do Concello de Sanxenxo.

As actuacións a realizar consistirán na desratización e desinsectación, mediante a aplicación dun Plan para o Control de Pragas, dos edificios públicos e instalacións municipais do Concello de Sanxenxo, citadas nos apartados 2. e 3. do presente Prego.

2. RELACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ONDE SE APLICARÁ O SERVIZO DE DESRATIZACIÓN.

A relación de edificios públicos e instalacións municipais do Concello de Sanxenxo onde se aplicará o servizo de desratización, serán as seguintes:

- 1) Colexios de Educación Infantil Primaria (Dorrón, Sanxenxo, Nantes, Portonovo, Vilalonga e Noalla).
- 2) Escola de Educación Infantil de Aios.
- 3) Piscina Municipal de Baltar.
- 4) Prazas de Abastos (Sanxenxo, Portonovo e Vilalonga).
- 5) Rede de saneamento de augas residuais dos núcleos urbanos de Sanxenxo, Portonovo, Vilalonga e A Revolta).
- 6) Colectores de lixo soterrados.
- 7) Centro de Interpretación Ambiental "A Telleira".
- 8) Todas aquelas zonas, edificios, locais e instalacións pertencentes ao dominio público municipal que sexa necesario aplicar o servizo de desratización vinculado ao presente Prego, cando puntualmente se lle requira ao adxudicatario.

3. ZONAS ONDE SE APLICARÁ O SERVIZO DE DESINSECTACIÓN.

O tratamento de desinsectación límitase ao centro urbano de Sanxenxo.

No caso de que a necesidade deste servizo fose requirido noutras zonas do termo municipal, o licitador procederá a aplicar este servizo de desinsectación, previa negociación e aprobación das condicións, tanto técnicas como económicas do mesmo, por parte da Administración contratante.

4. ACTUACIÓNS A REALIZAR PARA LEVAR A CABO O SERVIZO DE DESRATIZACIÓN E DESINSECTACIÓN.

As actuacións básicas para levar a cabo o servizo de desratización e desinsectación nas zonas, edificios, locais e instalacións vinculadas ao presente Prego e reflectidas no apartado anterior, serán as seguintes:

1. CAMPAÑA DE CHOQUE OU TRATAMENTO INICIAL: Consistirá na revisión exhaustiva das zonas, edificios, locais e instalacións reflectidas no apartado 2., co obxecto de avaliar as necesidades iniciais e adoptar un tratamento de choque intensivo encamiñado a eliminar todos os focos de roedores e insectos existentes.

2. **TRATAMENTO DE MANTEMENTO PERIODICO:** Dará comezo inmediatamente despois da campaña de tratamento inicial e consistirá na revisión periódica de todas as zonas tratadas inicialmente para comprobar a efectividade dos tratamentos e repoñer cebos e insecticidas.

A periodicidade deste tratamento de mantemento virá determinado polas necesidades establecidas en cada caso e a súa intensidade será a necesaria para que se cumpran os obxectivos de desratización e desinsectación previstos no presente Prego, ata a finalización do contrato.

De todos os xeitos o adxudicatario realizará unha revisión xeral e tratamento preventivo cunha periodicidade mínima trimestral. Deberá acudir, a petición da Administración contratante e con un tempo de resposta máximo de 48 horas no caso de rúas e 24 horas nos edificios públicos e instalacións municipais, cando se detecten presenza ou focos de pragas.

3. **ACTIVIDADE DE SEGUIMENTO DO SERVIZO:** A Administración contratante deberá ter constancia documentada da realización do servizo.

A tal efecto o adxudicatario deberá levar un plan de control do servizo, que deberá estar a disposición da Administración cando lle sexa requirido ao adxudicatario, no que se reflectirán de forma detallada as campañas, tratamentos e actuacións levadas a cabo; así como as incidencias xurdidas na prestación do servizo.

A Administración poderá establecer as medidas de control que estime necesarias para asegurar o correcto cumprimento dos termos do contrato.

5. CARACTERÍSTICAS DOS CEBOS E TRATAMENTOS.

A totalidade dos produtos utilizados como cebos, insecticidas e tratamentos a empregar para levar a cabo o servizo de desratización e desinsectación vinculados ao presente Prego, deberán ser totalmente inocuos para o Medio Ambiente, estar debidamente inscritos no Rexistro Oficial de Biocidas e preceptivamente homologados polo Ministerio de Sanidade, así como pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

6. REQUISITOS MÍNIMOS A CUMPRIR POLO ADXUDICATARIO.

O adxudicatario do contrato vinculado ao servizo descrito no presente Prego deberá cumprir, como mínimo, as seguintes condicións:

1. Estar homologado pola Xunta de Galicia e debidamente rexistrado para levar a cabo a actividade de tratamento de pragas.
2. O seu persoal deberá estar debidamente cualificado para a actividade obxecto do presente Prego, e en posesión do Carné de Aplicador/Manipulador de produtos Biocidas, homologado pola Xunta de Galicia.
3. O persoal que realizará o servizo irá perfectamente equipado e uniformado segundo o Plan de Prevención de Riscos.

7. RELACIÓN DE ESPECIES COMBATER.

A relación de especies a combater, dentro do servizo de desratización e desinsectación vinculados ao presente Prego, é a seguinte:

1. **ROEDORES:**
 - Rata común (*Rattus Norvegicus*).



CONCELLO DE

SANXENXO

Consistorio, 4
36960 Sanxenxo
Pontevedra

Tel.: 986 720 075
Fax: 986 721 022

- Rata negra (*Rattus Rattus*).
- Rato doméstico (*Mus Muculus*).

2. INSECTOS:

- Cascuda oriental (*Blatta Orientalis*).
- Cascuda alemá (*Blattella Germanica*).
- Cascuda americana (*Periplanetta Americana*).
- Pulga de rata de sumidoiro (*Nosopsyllus fasciatus*).
- Pulga de rata negra (*Xenopsyllacheopis*).
- Pulga común (*Pulex irritans*).
- Pulga do can (*Ctenocephalides canis*).
- Pulga do gato (*Ctenocephalides felis*).
- Outras pulgas.

8. VIXENCIA DO CONTRATO.

A vixencia do presente contrato será de **DOUS (2) ANOS**, con **posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha**.

9. ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

O orzamento de licitación do contrato terá un importe **ANUAL** de **CATRO MIL OITOCENTOS EUROS (4.800,00 €/ano) SEN IVE**.

Engadíndolle a esta cantidade o 21% de IVE (1.008,00 €), obtense un importe **ANUAL** de **CINCO MIL OITOCENTOS OITO EUROS (5.808,00 €/ano) IVE INCLUÍDO**.

Sanxenxo, xuño de 2016

Enxeñeiro Técnico Municipal

Asdo: José María Troncoso Viñas